



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO
DE SAN CAETANO O DÍA 29 DE NOVEMBRO DE 2007,
BAIXO A PRESIDENCIA DO SR. D.
EMILIO PÉREZ TOURIÑO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto polo se nomean os vogais do Consello Reitor da Escola Galega de Administración Pública, expertos no eido da Administración pública

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Decreto polo que se regulan os servizos de aconsellamento e de xestión ás explotacións agrarias

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do protocolo anual adicional ao convenio de colaboración suscrito entre a Administración xeral do Estado, a través do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, e a Comunidade Autónoma de Galicia, a través da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, polo que se determinan as achegas económicas das partes e se incorporan os proxectos seleccionados para a realización de programas do Plan de acción para persoas maiores
- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto relativo á contratación, mediante a modalidade de concerto, da xestión do servizo público para o acollemento residencial de menores en situación de desamparo ou risco que estean tutelados ou en garda pola Xunta de Galicia (816 prazas)

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza o gasto de carácter plurianual para o financiamento de axudas ao abeiro da Resolución da Secretaría Xeral de Relacións Exteriores, pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva para a execución de proxectos de cooperación, para



actividades formativas e de sensibilización e para consolidación e fortalecemento de organizacións non gobernamentais

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Acordo polo que se autoriza o gasto por unha contía de 4.315.192,23 euros correspondente á Primeira fase da Autovía Sarria-A6 Nabela
- Acordo polo que se autoriza o gasto por unha contía de 3.261.013,59 euros correspondente ás obras de Remodelación do bordo interior de Porto do Son (A Coruña)
- Acordo polo que se autoriza o gasto por unha contía 10.100.601,48 euros correspondente ás obras da Nova Dársena en Cabo de Cruz-Boiro (A Coruña)

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio para o funcionamento e reserva de prazas para o alumnado no Centro neuropsicopedagóxico *O Pelouro*, durante o curso 2007/08 e o compromiso plurianual que se deriva del, así como a retroactividade do gasto desde o 1 de setembro de 2007, sempre que existan os supostos de feito necesarios nesta data e non se lesionen dereitos ou intereses lexítimos de terceiro

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e a *Asociación de Fabricantes de Hormigón y Mortero de Galicia* (ASFHORGAL) para a creación dun laboratorio de ensaios
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e a Cidade Tecnolóxica de Vigo S.A. (CITEXVI), para o desenvolvemento de accións de cara á creación e posta en operatividade da Cidade Tecnolóxica no campus universitario de Vigo
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre o Ministerio de Educación e Ciencia, o Consello Superior de Investigacións Científicas e a Consellería de Innovación e Industria, para o equipamento do buque de investigación oceanográfica Sarmiento de Gamboa



- Acordo polo que se autoriza a subscripción da addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia e as empresas Unión Eléctrica Fenosa, S.A. Barras Eléctricas Galaico-Asturianas, SA (BEGASA) e a *Asociación de Productores y Distribuidores de Enerxía Eléctrica de Galicia (APYDE)*, para a realización de plans de mellora da calidade do servizo eléctrico e plans de control da tensión na Comunidade Autónoma de Galicia con data do 4 de decembro de 2006 (tarifa 2006)
- Acordo polo que se autoriza a subscripción da addenda ao convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e Gas Galicia SDG, SA para o desenvolvemento da III fase de gasificación de Galicia
- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e a Sociedade de Xestión do Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacions para aposta en funcionamento e optimización do CITIC, da Universidade da Coruña.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se declara expresamente a prevalencia da utilidade pública do proxecto liña aérea de media tensión a 20 kv e rede baixa tensión de Calvos, sobre a do monte veciñal en man común *Cortiñas, Veiga de Nogueiras e Veiga de Outeiro*, pertencente á Cómunidade de Montes Veciñais en Man Común de *Calvos e Nogueiras* no concello de Calvos de Randín-Ourense, promovido por Unión Fenosa Distribución S.A.
- Acordo polo que se declara expresamente a prevalencia da utilidade pública do proxecto sectorial do parque empresarial de Mos (Pontevedra), sobre a dos montes veciñais en man común "Pozas de Eimonde e outros", "Baloutas, Gándara e Cercedellos" e "Salgueirón e Baloutas", pertencentes á comunidades de montes en man común de Petelos, Torroso e Mos, respectivamente, promovido pola Xefatura Provincial de Pontevedra do organismo autónomo Instituto Galego da Vivenda e do Solo

CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de cooperación entre a Consellería de Cultura e Deporte e o Liceo Recreo Ourensán para a as obras de restauración do salón nobre e do patio de columnas do Pazo de Oca-Valadares



CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza o compromiso plurianual por parte do Consello da Xunta para a tramitación dunha Orde da Consellería de Sanidade pola que se abre o prazo de presentación de solicitudes para o pagamento das axudas sociais previstas no punto un a.) da Disposición adicional 11ª da Lei 14/2006, do 28 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2007, para persoas con hemofilia ou coagulopatías conxénitas afectadas polo VHC
- Acordo do 5 de xullo de 2007 da mesa sectorial sobre aplicación no Servizo Galego de Saúde do incremento progresivo do complemento específico
- Acordo polo que se aproba o acordo do 24 de xullo de 2007 da Comisión de Seguimento do acordo de mellora retributiva das condicións de traballo e retributivas do persoal residente en formación do Servizo Galego de Saúde, sobre a retribución da atención continuada

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Triacastela para a execución de pequenas obras de saneamento. Rede de saneamento de Triacastela e Pasantes. 1ª fase. Triacastela (Lugo) por importe de 851.850,50 euros
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Brión para a execución da obra de mellora das redes de saneamento. Saneamento e abastecemento de auga en diversos núcleos de Viceso. Brión (A Coruña), por importe de 671.993,22 euros
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Moaña para a execución de actuacións de saneamento na comunidade autónoma. Abastecemento de auga ao Piñeiros e Broullón. Moaña (Pontevedra) por importe de 1.112.425,99 euros
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Ponteceso para a execución de actuacións de saneamento na Comunidade Autónoma. Estación depuradora de augas residuais de Corme. Ponteceso (A Coruña), por importe de 1.606.208,62 euros
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Cospeito para a execución de actuacións de saneamento na

comunidade autónoma. Estación depuradora de augas residuais da Feira do Monte. Cospeito (Lugo), por importe de 1.030.879,75 euros

CONSELLERÍA DE TRABALLO

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Traballo para establecer na orde de convocatoria para o ano 2008, pola que se establece a convocatoria pública para a programación de cursos do Plan Nacional de Formación e Inserción Profesional na Comunidade Autónoma de Galicia, anticipos de ata o 65 por cento do importe das subvencións no momento da súa concesión

CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

- Acordo polo que se autoriza o compromiso de gasto polo que se autoriza o compromiso de gasto plurianual derivado do financiamento previsto na orde pola que se determina ampliar o importe máximo das axudas establecido na Orde do 24 de abril de 2007, de subvencións aos concellos en materia de erradicación do chabolismo no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2007 e a modificación parcial das bases da convocatoria recollidas na Orde do 21 de xuño de 2006
- Acordo polo que se autoriza o gasto de investimento en contía de 3.194.921,50 euros para o contrato do proxecto e obra de construción de 35 vivendas de promoción pública en Narón



A XUNTA APROBA O DECRETO POLO QUE SE NOMEAN OS CINCO VOGAIS DO CONSELLO REITOR DA EGAP, EXPERTOS NA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

▪ *O regulamento exige que sexan expertos no ámbito da Administración pública*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Decreto polo que se nomean os cinco vogais do Consello Reitor da Escola Galega de Administración Pública (EGAP), na súa calidade de expertos no eido da Administración pública.

O mandato dos vogais, coa excepción dos que ocupen o posto por razón do seu cargo, terá unha duración de catro anos. De feito, o último nomeamento de vogais para o Consello Reitor da EGAP realizouse en 2003.

Os vogais nomeados son Amelia Varcácel Bernaldo de Quirós, conselleira electiva do Consello de Estado e catedrática de filosofía moral na Universidade Nacional de Educación a Distancia; Rosa Virós i Galtier, presidenta do Consello Económico e Social de Barcelona; Álvaro Rodríguez Bereijo, catedrático de dereito financeiro e tributario da Universidade Autónoma de Madrid; José Luis Carro Fernández-Valmayor, catedrático de dereito administrativo da Universidade de Santiago de Compostela; e José Luis Meilán Gil, catedrático emérito de dereito administrativo da Universidade da Coruña.

A XUNTA REGULA AS ENTIDADES DE ACONSELLAMENTO E XESTIÓN DAS EXPLOTACIÓNS AGRARIAS MEDIANTE UN DECRETO

O Goberno galego deu hoxe o visto e prace ao decreto polo que se regula o establecemento e as condicións que deben cumprir as entidades de servizos de aconsellamento ás persoas dedicadas á agricultura e propietarias forestais, así como o recoñecemento daquelas entidades de xestión agraria que poden ser auxiliadas financeiramente.

Ao abeiro do decreto aprobado hoxe polo Consello da Xunta, a Consellería do Medio Rural creará o Rexistro de Entidades con Servizos de Aconsellamento ou Xestión de Galicia (RESAXEGA) en que se inscribirán as entidades de servizos recoñecidos ou designados e cada unha das oficinas de que dispoñan.

As entidades que presten servizos de aconsellamento ás explotacións agrarias en Galicia deberán estender a súa actividade desde o diagnóstico da situación á proposta e execución de melloras en, cando menos, os requisitos legais de xestión relativos a saúde pública, sanidade animal, sanidade vexetal e ambiente e benestar dos animais recollidos na normativa de aplicación en relación coas axudas directas no marco da política agraria común; nas boas condicións agrarias e ambientais; nas normas relativas á seguridade laboral segundo a lexislación comunitaria; no caso de persoas agricultoras mozas nas regras relacionadas co inicio da súa actividade e na información correspondente ás medidas de acción positiva desde a vertente de xénero.

Pola súa parte, as entidades que presten servizos de aconsellamento ao sector forestal deberán ofrecer un aconsellamento integral que, tendo en conta a multifuncionalidade das superficies forestais, permita mellorar o rendemento destas explotacións.

En xeral, as entidades que presten os servizos no ámbito deste decreto, deberán cumprir o disposto no Regulamento de acceso público de documentos e divulgación de información de datos de carácter persoal, ademais de coordinarse coa consellería competente en materia agraria e forestal para os efectos de determinar as metodoloxías de traballo e protocolos de actuación. Disporán tamén dun rexistro informatizado no cal consten os servizos prestados, que estará accesible á autoridade competente para o seguimento e control das actuacións que realiza a entidade.

As entidades recoñecidas para prestar os servizos promoverán as melloras máis convenientes, efectuando no caso do aconsellamento ás explotacións agrarias as actividades de formación das persoas dedicadas á agricultura necesarias para o cumprimento dos requisitos legais de xestións e as boas condicións agrarias e



ambientais atendendo no seu labor a cantas persoas dedicadas á agricultura o soliciten sen que poida prevalecer discriminación de xénero ou condición.

Para os efectos de comprobar a fiabilidade e eficacia do aconsellamento ou xestión que proporcionan en relación ás materias explicitadas no decreto, quedan sometidos ao control e verificación de calidade técnica por parte da Consellería competente en materia agraria e forestal os servizos aos cales atinxe este decreto das entidades privadas e das súas oficinas. As entidades recoñecidas presentarán anualmente durante o primeiro trimestre de cada ano un informe de actuacións realizadas.

En suma, a Consellería do Medio Rural preténdese reforzar a asistencia técnica destinada a agricultores para incrementar a eficiencia das explotacións agrarias galegas e o seu rendemento económico, social e ambiental.

A XUNTA E O MINISTERIO DE TRABALLO DESTINAN MÁIS DE 13 MILLÓNS DE EUROS A DESENVOLVER PROGRAMAS DO PLAN DE ACCIÓN PARA AS PERSOAS MAIORES

- *O Consello da Xunta autorizou a sinatura do protocolo adicional ao convenio de colaboración destinado ao mantemento e creación de residencias de maiores e de prazas en centros para persoas dependentes*
- *O acordo permitirá crear novos centros en Mugardos, Cariño e Narón e executar melloras nos de Laraxe, Castro de Ribeiras de Lea, Viana do Bolo e Ribadumia*

O Consello da Xunta autorizou na súa reunión de hoxe, a sinatura do protocolo anual adicional ao convenio de colaboración asinado entre o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais e a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar para o desenvolvemento de programas do Plan de Acción para as Persoas Maiores. As actuacións que se van levar a cabo contan cun investimento de 13.167.645 euros, dos cales 6.491.453 son achegados polo ministerio e os 6.676.192 restantes pola Administración autonómica.

En virtude do protocolo, cuxa sinatura autorizou hoxe o Consello, financiaranse proxectos de mantemento e de investimento para o desenvolvemento de programas e servizos enmarcados no Plan de acción para as persoas maiores así como aqueles dirixidos á atención de enfermos de Alzheimer e outras demencias. En concreto, fai referencia ao mantemento de residencias de maiores así como de prazas en centros residenciais destinadas a persoas en situación de dependencia, incluídas as persoas que padecen Alzheimer.

Así mesmo, este protocolo inclúe financiamento para a construción de centros residenciais e de día destinados a persoas maiores dependentes e aos enfermos de Alzheimer e outras demencias.

O convenio asinado entre a Xunta e o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais establece o requisito de que a Autonomía asuma o 50% dos custos dos proxectos que financia o Goberno central, xa sexa nos mesmos proxectos ou noutros diferentes que teñan a mesma finalidade de mellorar a dotación de equipamentos destinados á atención das persoas maiores.

Ente os concellos que se verán beneficiados polo devandito acordo están os de Mugardos, Cariño e Narón, onde se abrirán novos centros destinados á atención de persoas maiores. Así mesmo, a partida do convenio entre a Xunta e o Ministerio de Traballo permitirá o mantemento das residencias de maiores de Laraxe (Cabanas), Ribeira, Castro de Ribeiras de Lea (Castro de Rei) e Viana do Bolo, así como na residencia para persoas maiores dependentes en Ribadumia.



O GOBERNO GALEGO DESTINA MÁIS DE 13 MILLÓNS DE EUROS PARA O ACOLLEMENTO RESIDENCIAL DE MENORES TUTELADOS OU EN GARDA POLA XUNTA DE GALICIA

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe a tramitación do expediente de gasto relativo para a contratación, mediante concerto, da xestión deste servizo público*
- *En Galicia ofrécese un total de 816 prazas de acollemento residencial e de atención de día para menores en situación de desamparo, risco ou necesidade*

O Consello da Xunta autorizou na súa xuntanza de hoxe a tramitación do expediente de gasto relativo á contratación, mediante a modalidade de concerto, da xestión do servizo público para o acollemento residencial de menores en situación de desamparo ou risco, que estean tutelados ou en garda pola Xunta de Galicia, que se adjudicarán por procedemento aberto mediante concurso e trámite de urxencia. O departamento autonómico investirá 13.767.800 euros para este programa.

O obxectivo é dar resposta ás necesidades dos menores co fin de favorecer o pleno desenvolvemento de todas as facetas da súa personalidade, nun ambiente o máis parecido posible ao ámbito familiar. As actividades que se van desenvolver concrétanse en actuacións de integración educativa, social e familiar. As prazas que se ofertan neste proceso de acollemento son, en total, 816 prazas. Delas, unhas corresponden a prazas de acollemento residencial xerais, outras son prazas de acollemento residencial especiais e outras son prazas de acollemento residencial de atención de día.

A Xunta de Galicia ten actualmente en marcha diferentes plans e programas no eido da infancia e da adolescencia que establecen divesas metas no terreo da prevención e protección dos menores, así como un conxunto de accións transversais en materia de innovación tecnolóxica, calidade dos servizos e coordinación que resultan esenciais para o seu desenvolvemento e que supoñen un incremento do traballo que desenvolver polos profesionais das entidades involucradas no proceso.

Así, a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, a través de Dirección Xeral de Acción Social, desenvolve o programa de atención residencial de menores en situación de desamparo, risco ou necesidade en institucións propias e colaboradoras. Este programa realízase directamente cos medios materiais e humanos propios (centros propios) ou ben mediante a colaboración de entidades de iniciativa social que desenvolven o dito programa en centros da súa titularidade (centros colaboradores). A Administración galega establece con estas entidades contratos de xestión de servizos públicos na modalidade de concerto.



Para a consecución dos diferentes plans e programas no eido da infancia e adolescencia que mantén a Secretaría Xeral do Benestar, preténdese que os centros para a atención de menores involucrados neste proceso participen no proceso de innovación e mellora da calidade que se precisa para atender os novos retos no sector. Isto suporá que, aqueles centros que concerten prazas de acollemento residencial, terán que facer un esforzo na especialización e na optimización dos servizos.



A XUNTA ACHEGA 5.770.000 EUROS A SUBVENCIONAR PROXECTOS DE COOPERACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO, SENSIBILIZACIÓN COAS CAUSAS DA POBREZA E FORTALECIMENTO DE ONGD

- *As axudas canalizaranse a través de catro convocatorias públicas ás cales poderán optar as entidades inscritas no Rexistro Galego de Axentes de Cooperación*
- *Un total de 3.750.000 euros dedicaranse a proxectos de cooperación no exterior levados a cabo tanto por ONGD como por outros axentes de cooperación*
- *O Goberno destina 400.000 euros para proxectos que teñan como obxectivo sensibilizar á sociedade galega sobre a situación dos países do sur e as causas da pobreza*
- *As principais novidades con respecto ao ano anterior son o financiamento de proxectos iniciados a partir do 2 de xaneiro, os pagamentos anticipados sen necesidade de presentar avais e a inclusión de procedementos xustificación*

A Dirección Xeral de Cooperación Exterior destinará nos próximos dous anos 5.770.000 euros a subvencionar proxectos de cooperación para o desenvolvemento e sensibilización da sociedade galega coas causas da pobreza, promovidos por organizacións non gobernamentais de cooperación ao desenvolvemento (ONGD) e outros axentes de cooperación, como universidades, sindicatos, empresas e comunidades galegas no exterior. Ademais, dentro deste orzamento inclúese un apartado para o fortalecemento das ONGD con domicilio social en Galicia co que o Goberno galego pretende potenciar o tecido asociativo da cooperación para o desenvolvemento na nosa comunidade.

Estas axudas canalizaranse a través dunha convocatoria pública de subvencións para actividades formativas e de sensibilización, proxectos de cooperación ao desenvolvemento no exterior promovidos por ONGD, proxectos de cooperación ao desenvolvemento no exterior realizados por universidades, sindicatos, empresas e comunidades galegas no exterior, e unha última orientada ao fortalecemento das ONGD.

Para poder optar a estas axudas as entidades solicitantes deberán estar inscritas no Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o Desenvolvemento.

As entidades interesadas deben presentar a súa solicitude no prazo dun mes desde a publicación da convocatoria no DOG e a Administración contará con tres meses para resolver e notificar as resolucións.

A Xunta de Galicia tamén está a dar resposta con estas novidades ás reivindicacións históricas dos axentes galegos de cooperación para facilitar o traballo de todos:

suprímese a necesidade de presentar avais, realizaranse pagamentos do 100% da anualidade concedida, e fíxanse réximes simplificados de xustificación e control.

Sensibilización da sociedade galega

Durante os anos 2008 e 2009, a Dirección Xeral de Cooperación Exterior financiará con 420.000 euros proxectos que teñan como obxectivo promover a participación social e cidadá nas accións de cooperación para o desenvolvemento, así como fomentar a educación para o desenvolvemento e a sensibilización da sociedade galega na realidade dos pobos máis desfavorecidos. O que se pretende é potenciar unha ética baseada en valores de convivencia pacífica, tolerancia e igualdade entre as persoas, perseguindo a concienciación da opinión pública nesta materia, incidindo na investigación sobre as causas do desenvolvemento.

Axudas para a realización de proxectos no exterior

A partida máis importante estará destinada á realización de proxectos de cooperación ao desenvolvemento no exterior, unha a ONGD e a outra a empresas, sindicatos, universidades e comunidades galegas no exterior. As axudas públicas para a convocatoria de ONGD ascenden a 3.750.000 euros, mentres que a subvención para a realización de proxectos doutros axentes de cooperación é de 1.300.000 euros.

Ambas ás liñas de axuda teñen como obxectivo axudar na execución dos proxectos que os axentes de cooperación para o desenvolvemento teñen fóra do noso país, quedando excluídos destas axudas os programas que teñen como obxecto a axuda humanitaria ou os de carácter puntual, que non poidan asegurar a súa viabilidade cando cese o financiamento externo. Os proxectos presentados deberán redundar na ampliación das capacidades e liberdades da poboación beneficiaria e ter repercusión práctica na satisfacción das necesidades básicas das persoas máis desfavorecidas das zonas onde se desenvolvan as accións.

Fortalecemento do sector da cooperación galega

A Xunta de Galicia destinará en 2008 e 2009 un total de 300.000 euros a financiar subvencións para a consolidación e fortalecemento das ONGD con domicilio social ou delegación permanente en Galicia.

Estas subvencións teñen como obxectivo promover a formación técnica do persoal, socios e voluntarios das ONGD, mediante o financiamento de seminarios e obradoiros. Incidirase na formación arredor da mellora da xestión das ONGD sobre os diferentes aspectos técnicos das fases dun proxecto de desenvolvemento e verbo de técnicas de comunicación externa ou de relación cos medios de comunicación.

Terase tamén en conta o deseño e a realización de campañas e actividades de sensibilización, educación para o desenvolvemento e consumo responsable,



valorándose especialmente as estratexias que recollan a realización de actividades no medio rural.

Estas actuacións reforzan algunhas das prioridades da Dirección Xeral de Cooperación Exterior como son a mellora da calidade técnica e operativa do sector, a ampliación e ordenación dos instrumentos da cooperación galega, a procura de sinerxías cos sectores galegos con experiencia de valor e a elaboración dos documentos estratéxicos de intervención por país.



POLÍTICA TERRITORIAL DESTINA 4,3 MILLÓNS DE EUROS A OBRAS COMPLEMENTARIAS NO CORREDOR NADELA-SARRIA PARA O SEU FUTURO DESDOBRAMENTO EN AUTOVÍA

- *A mellora aprobada hoxe polo Consello da Xunta para o treito II súmase ás xa autorizadas para os treitos I e III e eleva a 12,7 millóns o investimento en preparar o corredor para o seu futuro desdoblamento*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o gasto de 4.315.192,23 euros para que a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes acometa obras complementarias de mellora no treito II do corredor Nadela-Sarria, xa en construción, co obxectivo de facilitar o desdoblamento futuro do corredor e transformalo en autovía cando os niveis de tráfico así o requiran.

O treito II do corredor Nadela-Sarria discorre polos concellos do Corgo, Páramo e Sarria, entre o enlace de Maceda, no punto quilométrico 11,000, e o enlace de Sarria Norte, no punto 20,800. Os 4,3 millóns destinados a preparar este treito para o seu futuro desdoblamento súmanse ao gasto de 8,4 millóns de euros xa autorizado en xullo polo Consello da Xunta para os treitos I e III. Entón destináronse 3.331.773 euros para o treito I (entre os puntos quilométricos 0 e 11,000, da glorieta de Nadela ata o enlace de Maceda) e 5.092.429 euros para o treito III (entre os puntos quilométricos 20,800 e 26,797, que comprenden a circunvalación de Sarria entre os enlaces de Sarria Norte e Sarria Sur).

O Goberno galego está a executar máis de 300 quilómetros en vías de alta capacidade e libres de peaxe cun investimento superior aos 1.400 millóns de euros. Ademais do corredor Nadela- Sarria, este investimento beneficia a vías como a autovía de Ferrol- Vilalba, a do Barbanza, a do Salnés, a de Pontevedra- Vilagarcía, o corredor da Costa da Morte e a autovía Dozón- Ourense.

O esforzo do Goberno galego en materia de infraestruturas viarias alcanza tamén as obras de mellora nas estradas de titularidade autonómica cun investimento de 100 millóns de euros entre 2007 e 2011, unha contía que significa un incremento económico do 50% con respecto ao período anterior e permitirá actuar nos máis de 5.200 quilómetros que compoñen a rede autonómica de estradas.



AS OBRAS NOS PORTOS DE BOIRO E PORTO DO SON CONTARÁN CUN INVESTIMENTO DE 13,4 MILLÓNS DE EUROS

- *Portos de Galicia ampliará a dársena pesqueira en Cabo de Cruz mediante a prolongación do dique existente e a construción dun novo contradique por importe de 10 millóns de euros*
- *As melloras no porto de Porto do Son consistirán na creación dunha nova traza do seu bordo interior ao longo de 500 metros*

O Consello da Xunta autorizou hoxe un investimento por importe de 13.361.615 euros para acometer obras nos portos de Cabo de Cruz (Boiro) e Porto do Son, que acometerá o ente público Portos de Galicia, dependente da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes.

No caso de Cabo de Cruz, en Boiro, foi autorizado un investimento de algo máis de 10 millóns de euros repartidos en tres anualidades ata 2009 para que Portos de Galicia mellore notoriamente a superficie abrigada do porto pesqueiro desta localidade, de tal xeito que esta pase de 30.000 a 200.000 metros cadrados. Deste xeito a dársena pesqueira quedará abrigada dos ventos do norte e do nordés. O proxecto inclúe a prolongación do dique existente (en 393 metros máis) e a construción dun novo contradique (de 598 metros).

Doutra banda, o Consello autorizou o investimento por importe de preto de 3,3 millóns de euros (tamén repartidos en tres anualidades) para realizar obras de remodelación do bordo interior do porto de Porto do Son. Neste caso, o proxecto de Portos de Galicia establece unha nova traza do borde interior do porto ao longo de 500 metros. Para iso demólense os actuais pavimentos da calzada, beirarrúas e o da explanada da antiga lonxa. A actuación reduce os aparcadoiros da zona central, pero verase ampliada a superficie para aparcar na entrada fronte á praia e, ademais, proxéctase un amplo aparcadoiro ao final do porto na actual explanada de servizo xunto ao dique de defensa.

EDUCACIÓN FINANCIADA CON MÁIS DE 723.000 EUROS O SERVIZO EDUCATIVO DO CENTRO NEUROPSICOPEDAGÓXICO *O PELOURO*

- *A Consellería subvencionará dúas unidades de educación infantil, 4 de educación especial, 1 de formación profesional e 2 de educación secundaria obrigatoria (ESO)*
- *Ademais, financiará ata 15 prazas de residencia no centro*
- *O Pelouro é pioneiro no campo da integración de nenos con necesidades educativas diversas, e vén desenvolvendo desde o ano 1973 a coeducación de escolares con e sen discapacidades ou trastornos*

O Consello da Xunta autorizou a sinatura dun convenio entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e o Centro Privado (CPR) Neuropsicopedagóxico *O Pelouro* de Tui (Pontevedra), para o funcionamento e reserva de prazas para o seu alumnado, durante o curso 2007-2008. A Administración educativa destina un total de 723.595 euros para esta acción, distribuídos nas anualidades 2007 e 2008.

O convenio autorizado ten por obxecto o sostemento do centro *O Pelouro* para a prestación do servizo público de educación. Así, a Administración educativa subvencionará 2 unidades de educación infantil, 4 de educación especial, 1 de formación profesional (aprendizaxe de tarefas) e 2 de educación secundaria obrigatoria (ESO). Todas estas ensinanzas se enmárcan dentro da competencia integradora, interactiva e interxectiva de alumnos con necesidades educativas especiais, con trastornos de conduta e de réxime ordinario.

Así mesmo, a Consellería de Educación subvencionará a reserva e ocupación de prazas para estudantes con trastornos de personalidade e de conduta, financiando un máximo de 15 prazas de residencia, que poderán ser ocupadas en distintos réximes de estancia e serán gratuítas para o alumnado.

Do mesmo xeito, o convenio ten como fin definir o marco de colaboración para desenvolver, con carácter experimental, a prevención, a integración, a atención docente, psicosocioasistencial e para o lecer dos nenos e mozos con trastornos de personalidade e de conduta, e tamén a daqueles en situación de risco para o seu desenvolvemento evolutivo. Tamén será obxecto deste convenio a adecuada orientación ás familias e aos centros escolares aos cales asista alumnado destas características. O convenio terá vixencia desde a súa sinatura ata o 31 de agosto de 2008.

O acordo fixa, ademais, que a titularidade do centro se compromete a lle prestar a atención educativa e asistencial necesaria ao citado alumnado con trastornos de personalidade e de conduta en integración co resto dos alumnos, seguindo os principios de inclusión e normalización que marca a Lei Orgánica de Educación (LOE)



para este alumnado. O obxectivo é, pois, lograr o máximo desenvolvemento posible das súas potencialidades, no marco dunha comunidade socioeducativa e terapéutica desde a saúde, que ten como base a integración interactiva en proporcións de equilibrio. Esta atención, creando as condicións e contextos máis axeitados, desenvolverase en réxime de internado de diversos tipos segundo as circunstancias familiares ou de terapia que o aconsellen, procurando o réxime máis axeitado a cada neno e ás dinámicas de grupo adaptadas ás súas características.

O centro neuropsicopedagógico *O Pelouro* é pioneiro no campo da integración de nenos con necesidades educativas diversas, e vén desenvolvendo desde o ano 1973 a coeducación de escolares con e sen discapacidades ou trastornos mediante unha educación integral da persoa baseada na diversidade e na idea do grupo como un todo. En 1988, *O Pelouro* foi declarado centro singular experimental de innovación psicopedagóxica e integración.

A CONSELLERÍA INNOVACIÓN E INDUSTRIA DESTINARÁ 500.000 EUROS Á CREACIÓN DUN LABORATORIO DE ENSAIOS PARA O SECTOR DO FORMIGÓN

- *O laboratorio realizará ensaios de materias primas e formigón co obxecto de adaptar as plantas do sector á normativa sobre a calidade do produto*
- *A súa creación responde aos obxectivos do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica para fomentar a mellora da competitividade das empresas*

A Consellería de Innovación e Industria e a *Asociación de Fabricantes de Hormigón y Mortero de Galicia* (ASFHORGAL) asinarán un convenio de colaboración para a creación dun laboratorio de ensaios ao servizo de sector do formigón galego, un convenio autorizado esta mañá polo Consello da Xunta. Innovación e Industria, a través da súa Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación, fai un investimento de 500.000 euros en dúas anualidades correspondentes a 2007 e a 2008.

A actividade do laboratorio será a realización de ensaios de materias primas e formigón para o autocontrol das plantas de produción do sector do formigón en Galicia de acordo coa normativa vixente española e a futura Instrución do Formigón Estructural (EHE 2007), que obriga á execución dun número maior de ensaios de formigón por planta de produción para a obtención dunha maior calidade de produto.

A creación do laboratorio suporá un paso máis na introdución da calidade na cultura empresarial á vez que reducirá os custos de produción. Os ensaios servirán para calcular e estudar as dosificacións óptimas co fin de mellorar a xestión da compra de materias primas e obtendo o máximo aproveitamento. Será, ademais, unha ferramenta de apoio para o asesoramento técnico e o punto de encontro do sector do formigón en Galicia.

As pequenas e medianas empresas do sector non poden asumir o custo de autocontrol de produción exixido na EHE 2007, salvo a través dun servizo mancomunado. Este é un dos motivos fundamentais que leva a ASFHORGAL á creación deste servizo, que lles facilitará o cambio ás pequenas e medianas empresas do sector. O laboratorio do formigón terá diferentes sedes para achegarse a todas as empresas do sector. A sede central estará en Santiago de Compostela e estableceranse catro laboratorios satélites. En primeiro lugar construíranse a sede compostelá e os centros da Coruña e de Ourense.



ASFHORGAL

ASFHORGAL integra 61 empresas galegas con máis de 118 centros de produción que se dedican á actividade de fabricación, venda e subministración de formigón e agromasa para a construción en xeral. Ten entre os seus fins a xestión, a defensa e a coordinación dos intereses comúns dos seus asociados, así como o asesoramento en servizos técnicos, científicos ou administrativos.

A creación do laboratorio responde aos obxectivos tanto do Plan Estratéxico para o Sector do Formigón de ASFHORGAL como do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica 2006-2010 (INCITE) da Consellería de Innovación e Industria. O Plan estratéxico do sector apunta a necesidade de establecer instrumentos de apoio para a mellora da competitividade e para o sistema de produción da cadea empresarial do formigón.

Pola súa banda, a Consellería de Innovación e Industria ten entre as súas prioridades impulsar as áreas científico-tecnolóxicas que teñen maior importancia para os sectores económicos e sociais galegos. Neste sentido, o Plan Galego de I+D+i favorece a investigación aplicada a través de programas sectoriais de axudas, incluíndo entre estes as tecnoloxías dos materiais e a construción. Igualmente, potencia a creación dunha plataforma tecnolóxica galega de materiais e procesos de fabricación que propiciará a xeración e a posta en común de coñecemento na área da enxeñaría avanzada de materiais.



O GOBERNO GALEGO ACHEGA PRETO DE 5 MILLÓNS DE EUROS Á CREAMENTO DA CIDADE TECNOLÓXICA DE VIGO

- *Os seus obxectivos serán a construción e posta en operatividade e explotación de edificios dedicados a actividades de I+D+i, satisfacendo as necesidades dos equipos de investigación*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e a entidade Cidade Tecnolóxica de Vigo S.A. (CITEXVI) para o desenvolvemento de actuacións para a creación e posta en operatividade da Cidade Tecnolóxica no Campus Universitario de Vigo. A través deste convenio, Innovación e Industria destinará preto de cinco millóns de euros, 4.989.356 euros, para a posta en marcha da Cidade Tecnolóxica de Vigo como espazo físico de impulso a iniciativas de fomento da I+D+i. Preto do 77% desta subvención, 3,8 millóns de euros, estarán destinados ao contrato para a execución da obra.

O convenio establece unha subvención a fondo perdido do 50,57% do capital subvencionable, que ascende a 9.864.744,98 euros. A axuda está destinada a investimentos e gastos asociados á definición do proxecto executivo, á creación e dotación de infraestruturas físicas (obra civil, instalacións técnicas, mobiliario e equipamento), á definición e dotación de infraestruturas de apoio á dinamización e xestión, e os investimentos e gastos asociados coa posta en operatividade da Cidade Tecnolóxica. As axudas distribuiranse en tres anualidades: 997.871,38 en 2007, 1.746.274,92 euros en 2008 e 2.245.210,60 en 2009.

A Cidade Tecnolóxica de Vigo S.A. é unha entidade participada pola Universidade de Vigo, Consorcio da Zona Franca de Vigo, Caixanova e a Xunta de Galicia. O seu obxectivo é a construción, posta en operatividade e explotación de edificios dedicados a actividades de I+D+i, satisfacendo as necesidades físicas e de carácter tecnolóxico dos diversos equipos de investigación tanto de ámbito público coma privado. O seu plano estratéxico estima na súa primeira fase, que é obxecto deste convenio, a construción duns 6.700 m², dos que máis de 3.500 m² se destinarán ao aloxamento das iniciativas e proxectos de I+D+i e os demais a instalacións e servizos comúns, así como á estrutura de xestión e administración da sociedade.

O CITEXVI creará, entre outros servizos, unha infraestrutura de altas prestacións orientada a facilitar e apoiar a posta en marcha de novas iniciativas empresariais de base tecnolóxica, desenvolvemento de empresas con actividades básicas ligadas ás novas tecnoloxías (nas áreas de proceso, produto ou servizos) ou proxectos innovadores no seu sentido máis amplo no Campus da Universidade de Vigo.



Este convenio enmárcase no Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica 2006-2010 (INCITE), que recolle entre os seus obxectivos a necesidade de acometer a articulación do Sistema Galego de Innovación e o impulso da transferencia de coñecemento e tecnoloxía. Para alcanzar eses fins, o plan sinala como necesarias as estruturas de mediación entre os diferentes axentes e particularmente entre os organismos públicos de investigación e as empresas. A creación de novos centros tecnolóxicos, a constitución de plataformas tecnolóxicas nos sectores estratéxicos para Galicia, así como a creación de verdadeiros parques científicos e tecnolóxicos, como o CITEXVI, son algúns dos retos principais que afrontan a Consellería de Innovación e Industria e o Plan Galego de I+D+i para lograr una auténtica articulación do Sistema Galego de I+D+I.

O GOBERNO GALEGO DESTINARÁ 3,5 MILLÓNS DE EUROS A DOTAR DE EQUIPAMENTO DO BUQUE OCEANOGRÁFICO SARMIENTO DE GAMBOA

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria, o Ministerio de Educación e Ciencia e o Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC) para o equipamento do buque de investigación oceanográfico Sarmiento de Gamboa. O investimento da consellería previsto no acordo é de 3.448.454,24 euros, o 20% do total, en dúas partidas correspondentes aos anos 2007 e 2008.

Con este investimento, subministrárase ao *Sarmiento de Gamboa* o equipamento científico necesario para que o buque poda realizar a investigación de calidade internacional. A achega da Xunta de Galicia estará financiada até un máximo do 75% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Regional (FEDER) e do 25% restante polo Fondo de Compensación Interterritorial (FCI).

O Sarmiento de Gamboa, que iniciou a súa actividade coa presentación o pasado mes de xullo en Vigo, efectuará campañas oceanográficas, especialmente en augas do Atlántico. O buque conta coa tecnoloxía necesaria para realizar investigacións sobre cambio climático, fondos oceánicos, biodiversidade, estudos pesqueiros e circulación oceánica. Cunha eslora de máis de 70 metros, permitirá realizar misións de 40 días de duración con 25 científicos e 16 membros da tripulación a bordo. A posta en marcha do Sarmiento de Gamboa está ao servizo da comunidade científica do Estado. O Goberno galego dispón del durante 45 días ao ano para dedicalos á formación de persoal especializado de institucións, universidades e organismos, así como para realizar estudos de carácter oceanográfico aplicado relativos á mellora do coñecemento dos recursos naturais da nosa costa.

A iniciativa de construír un barco de investigación oceanográfica remóntase a varios anos atrás, pero non foi ata o ano 2003, a raíz da catástrofe do Prestige, cando o Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía considerou a necesidade de impulsar o proxecto. O Estado español é o décimo país en produción científica mundial en ciencias do mar e o peso das actividades mariñas e costeiras no PIB española acada o 10%, datos que apoian a necesidade de investir na investigación nos ámbitos citados. No caso concreto de Galicia, os recursos mariños centran os esforzos da Xunta pola súa grande incidencia social e económica, como se reflicte no Plan Galego I+D+i 2006 – 2010, nas convocatorias anuais de axudas, que inclúen un programa sectorial de recursos mariños, e nos investimentos e convenios para a colaboración con diferentes organismos de investigación que traballan en ciencias do mar.



O GOBERNO GALEGO, AS EMPRESAS ELÉCTRICAS E O MINISTERIO DE INDUSTRIA DESTINARÁN 19,5 MILLÓNS DE EUROS Á MELLORA DA CALIDADE DO SERVIZO ELÉCTRICO

- *As actuacións desenvolveranse nas catro provincias galegas e teñen un prazo de execución de dous anos*
- *O acordo englobase nun convenio marco entre o Ministerio de Industria e a Xunta de Galicia*

A Consellería de Innovación e Industria asinará unha addenda ao convenio de colaboración entre o seu departamento e as empresas de distribución de enerxía eléctrica de Galicia (Unión Fenosa, Begasa e a asociación Apyde) para a realización de plans de mellora da calidade do servizo eléctrico e plans de control de tensión en Galicia no marco do convenio de tarifa.

Esta addenda, autorizada hoxe polo Consello da Xunta, permitirá executar melloras na calidade do servizo e desenvolver plans de control de tensión por importe de 16.247.655 euros, que achegan, nun 60%, as compañías eléctricas, nun 20%, a Consellería de Innovación e Industria, e noutro 20% o Estado, a través da bolsa da tarifa eléctrica correspondente ao ano 2006. A maiores desa cantidade, por primeira vez destínase unha cantidade, que supera os 3 millóns de euros que foi achegada polas empresas (70%) e polo fondo de tarifa (30%), que se destinará á limpeza de vexetación nas marxes das liñas eléctricas co fin de reducir o perigo de incendios.

O orzamento total previsto polo convenio de tarifa de 2006 é de 19.438.045 euros, dos cales 12.998.125 se executarán en obras de mellora da calidade; 3.249.530 en plans de control de tensión; e 3.190.390 euros nas devanditas obras de limpeza de arborado. As actuacións de mellora recollidas na addenda, que se desenvolverán nas catro provincias de Galicia, teñen un prazo de execución de dous anos. A dotación orzamentaria da addenda ao convenio de tarifa é un 15% superior á do ano pasado, que prevía 16,9 millóns de euros.

Esta addenda englobase nun convenio marco de colaboración entre o Ministerio de Industria e a consellería, que será prorrogado coa sinatura do titular de Innovación e Industria e do secretario xeral de Enerxía do Ministerio, Ignasi Nieto, co fin de posibilitar a execución do convenio de tarifa deste ano.



INNOVACIÓN E INDUSTRIA INCLÚE NA III FASE DE GASIFICACIÓN A CONSTRUCCIÓN DUNHA PLANTA DE GAS NATURAL LICUADO EN BETANZOS

- *O departamento autonómico asinará unha addenda ao seu convenio con Gas Galicia*
- *As obras de Betanzos súmanse ás xa comprometidas para a subministración de gas natural a Miño, Cee, Corcubión e Sanxenxo*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatua dunha addenda ao convenio entre a Consellería de Innovación e Industria e Gas Galicia para o desenvolvemento da III fase de gasificación de Galicia, na cal se establece a construción dunha planta de Gas Natural Licuado (GNL) en Betanzos.

Segundo o texto –que foi aprobado hoxe polo Consello da Xunta– Consellería e empresa acordaron incluír a instalación dunha planta de GNL en Betanzos para adiantar a subministración de gas natural a esta poboación debido ao atraso na execución do ramal Betanzos-Miño (pendente da tramitación urbanística dos proxectos sectoriais). O investimento previsto para esta actuación alcanza os 446.000 euros, dos cales Innovación e Industria achegará 178.400 euros.

O convenio de colaboración subscrito entre consellería e Gas Galicia asinado en xuño de 2006 para o desenvolvemento da III fase de gasificación de Galicia inclúe a realización das infraestruturas e instalacións necesarias para a subministración de gas natural nos termos municipais de Betanzos, Miño, Cee, Corcubión e Sanxenxo.

INNOVACIÓN E INDUSTRIA DESTINA 600.000 EUROS PARA O EQUIPAMENTO CIENTÍFICO-TÉCNICO NO CITIC DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

- *O investimento está ligado ao proxecto de facer do CITIC o embrión do futuro Centro Tecnolóxico do Desenvolvemento Software*

O Consello da Xunta autorizou hoxe un convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e a Sociedade de Xestión do Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacións (CITIC) para o financiamento por valor de 600.000 euros do equipamento científico-tecnolóxico e do mobiliario instalado no Centro, situado no Parque Tecnolóxico da Universidade da Coruña.

A axuda está financiada nun 75% con fondos europeos FEDER e no 25% restante con fondos FCI e fondos propios de Galicia. Ademais de mobiliario, os fondos van destinados a dotacións tecnolóxicas, como un sistema de almacenamento online, un clúster activo de servidores de xestión, unha plataforma de servidores con virtualización, licenzas, o soporte e o mantemento de software de recuperación de datos e ferramentas de apoio á análise, ao deseño e ao desenvolvemento. O investimento no CITIC está ligado ao proxecto de converter o CITIC en embrión do futuro Centro Tecnolóxico do Desenvolvemento Software.

Os obxectivos do convenio resultan de proveito para o desenvolvemento da estrutura social e económica de Galicia, xa que o CITIC recolle a actividade dos grupos de investigación da Universidade da Coruña dedicados ás TIC e está ao servizo do sector empresarial galego achegando prestacións moi cualificadas.

Neste convenio ponse en práctica un dos instrumentos recollidos Programa Horizontal de Articulación do Sistema de Investigación e Innovación do Plan Galego de I+D+i: o establecemento de axudas para a creación de novos centros tecnolóxicos e de investigación nos sectores estratéxicos da economía galega e naqueles que demanden dotación científico-tecnolóxica.

Ademais, o Plan de I+D+i cualifica as TIC como unha das tecnoloxías críticas e establece a convocatoria anual dun Programa sectorial de axudas para proxectos innovadores neste sector. A finalidade é estimular o avance no sector das tecnoloxías da información e das comunicacións e favorecer a incorporación de solucións innovadoras a outras liñas de negocio estratéxicas na economía galega.

A XUNTA ACORDA DECLARAR DE UTILIDADE PÚBLICA UNHA ZONA DE MONTE VECIÑAL DO CONCELLO DE CALVOS DE RANDÍN PARA A INSTALACIÓN DE LIÑAS DE MEDIA E BAIXA TENSIÓN

O Consello da Xunta, por proposta da Consellería do Medio Rural, declarou a prevalencia de utilidade pública do proxecto de liña aérea de media tensión e rede de baixa tensión de Calvos, sobre a do monte "Cortiñas, Veiga de Nogueiras e Veiga de Outeiro" pertencente á comunidade de montes veciñais en man común de "Calvos e Nogueiras", no concello de Calvos de Randín (Ourense), promovido por Unión Fenosa Distribución.

A Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais ratificou o informe positivo da delegación provincial do Medio Rural, elaborado despois de que se lle comunicase o expediente á comunidade afectada, que manifestou o seu acordo coa execución deste proxecto de interese eléctrico.

No informe destácase que a superficie de afección é de 5.580 m² e a instalación proxectada sería compatible co uso do monte.

Este trámite é preceptivo para a execución de actuacións que deben levar anexa a declaración de utilidade pública e a necesidade de ocupación dos terreos neles comprendidos para os efectos da súa expropiación forzosa. Ademais, esíxese a declaración expresa da Xunta para a expropiación dos montes veciñais en man común por causa de utilidade pública ou interese social prevalente ás do propio monte.

A XUNTA ACORDA DECLARAR DE UTILIDADE PÚBLICA ZONAS DE MONTE VECIÑAL PARA O PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE MOS

O Consello da Xunta, por proposta da Consellería do Medio Rural, declarou a prevalencia de utilidade pública do proxecto sectorial do parque empresarial de Mos (Pontevedra) sobre a dos montes veciñais en man común “Pozas Eimonde e outros”, “Baloutas, Gándara e Cercedellos” e “Salgueirón e Baloutas” pertencentes ás comunidades de Petelos, Torroso e Mos, promovido pola Xefatura Provincial de Pontevedra do organismo autónomo Instituto Galego da Vivenda e do Solo.

O proxecto sectorial do parque empresarial de Mos foi aprobado coa declaración de utilidade pública e de interese social das obras, instalacións e servizos previstos, así como a necesidade de ocupación para os efectos de expropiación dos bens e dereitos necesarios para a execución da obra.

A Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais ratificou o informe positivo da delegación provincial do Medio Rural, elaborado despois de que se lles comunicase o expediente ás comunidades afectadas, que manifestou o seu acordo coa execución deste proxecto tras aclarar as diferenzas de superficies alegadas.

A superficie afectada é de 1.297 m² do monte “Pozas de Eimonde e outros” da comunidade de Petelos, 184.401 m² do monte “Baloutas, Gándara e Cercedellos” pertencente á comunidade de Torroso e 179.583 m² do monte “Salgueirón e Baloutas” da comunidade de Mos. No informe destácase que a superficie total de afección é de 365.281 m².

Este trámite é preceptivo para a execución de actuacións que deben levar anexa a declaración de utilidade pública e a necesidade de ocupación dos terreos neles comprendidos para os efectos da súa expropiación forzosa. Ademais, exíxese a declaración expresa da Xunta para a expropiación dos montes veciñais en man común por causa de utilidade pública ou interese social prevalente ás do propio monte.



CULTURA DESTINA 172.000 EUROS Á RESTAURACIÓN DO SALÓN NOBRE E DO PATIO DE COLUMNAS DO PAZO DE OCA-VALADARES DO LICEO OURENSÁN

- *A Dirección Xeral de Patrimonio Cultural investiu nestas obras ante o risco que supoñía para a súa conservación o estado da estrutura, dos pavimentos e doutros elementos decorativos*

A Consellaría de Cultura e Deporte rehabilitará o Salón Nobre e o Patio de Columnas do Pazo de Oca-Valadares do Liceo Ourensán a través da sinatura dun convenio de colaboración co Liceo Recreo Ourensán, e que vai ser aprobado mañá polo Consello da Xunta. En total serán 172.000 euros, os que a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural invista nestas obras de restauración.

O risco que representa para o súa conservación o estado da estrutura, dos pavimentos e doutros elementos decorativos, alertou o departamento que dirixe Ánxela Bugallo que realizará unha partida de 172.000 euros, 160.000 destinaranse á realización das obras e 12.000 corresponderán a honorarios facultativos. A Consellaría de Cultura é consciente da necesidade de conservación, protección e difusión deste ben patrimonial considerado un dos pazos renacentistas máis importantes de Galiza.

Pola súa parte, o Liceo Recreo Ourensán comprométese segundo este convenio a autorizar, libre de cargas e gravames, a plena dispoñibilidade do edificio a favor da Consellaría para acometer a execución das obras de restauración. Así mesmo, o acordo que conselleira de Cultura, Ánxela Bugallo, e o presidente da Sociedade Cultural 'Liceo de Ourense', José Carlos Martínez-Pedrayo, asinarán tamén autoriza á visita pública do inmovible unha vez rematadas as obras e que os espazos recuperados estean a disposición da Consellaría para a realización de actos culturais.

Edificio declarado Ben de Interese Cultural

O Pazo de Oca-Valladares de Ourense é un dos pazos renacentistas máis importantes de Galiza, data de mediados do século XVI. Presenta una fachada de dúas plantas con cinco escudos de armas de diferentes liñaxes galegas no balcón central e que se repiten no patio de columnas interior. Ademais desde o ano 1850 alberga a sede dunha das sociedades culturais máis antigas da cidade das Burgas, o Liceo Recreo Ourensán.



SANIDADE DESTINARÁ MAIS DE 1 MILLÓN DE EUROS ÁS AXUDAS PARA PERSOAS INFECTADAS POR HEPATITE VIRAL AGUDA ANTES DE 1990

- *Con esta medida compénsase aos afectados polo VHC que contraeron a enfermidade como consecuencia de recibir tratamentos de coagulación na sanidade pública antes de que os controis desta enfermidade fosen obrigatorios*

A Sanidade pública galega destinará un total de 1.200.000 euros, distribuídos en 540.000 euros neste ano, e outros 660.000 euros en 2008 para o pagamento das axudas ás persoas hemofílicas ou con outras coagulopatías conxénitas que contraesen a hepatite C como consecuencia de ter recibido tratamento con concentrados de factores de coagulación no ámbito do Sistema Sanitario público galego antes de que os controis desta enfermidade, descrita en 1989, fosen obrigatorios. O Consello da Xunta que hoxe presidiu Emilio Pérez Touriño ratificou este acordo.

Esta axuda económica cumpre o acordo establecido en 2002 entre a Administración Xeral do Estado e as distintas comunidades autónomas segundo a cal as persoas que se atopan nesta circunstancia recibiron do Estado 18.000 euros que se debían ver completados con outros 12.000 euros por parte das Administracións autonómicas. Galicia é a sexta comunidade en facer efectiva esta achega.

A axuda consistirá nun único pagamento dun importe de 12.000 euros. Os beneficiarios e beneficiarias destas axudas divídense en dous grupos regulados por lei. Dunha banda, os inscritos no censo definitivo previsto na Lei 55/1999 de medidas fiscais, administrativas e da orde social. Os beneficiarios deste grupo cobrarán a axuda autonómica durante 2007. O segundo grupo son aqueles que non se atopan no censo indicado anteriormente, e o pagamento das súas axudas realizarase durante o 2008, logo de regulación e inscrición no censo autonómico correspondente.

As solicitudes poderán enviarse, nun prazo dun mes desde a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, á Dirección Xeral de Aseguramento e Planificación Sanitaria da Consellería de Sanidade. A publicación realizarase pola vía de urxencia.

Medida compensatoria

A hepatite viral aguda é unha infección xeneralizada que afecta sobre todo o fígado. Malia que o virus foi identificado e descrito no ano 1989, non foi ata 1990 cando se implantou con carácter obrigatorio en todas as unidades de sangue o test de detección de anticorpos do VHC, para previr a súa transmisión a través do sangue e hemoderivados.



Ata esta implantación obrigatoria, as persoas afectadas por hemofilia ou outras coagulopatías conxénitas estiveron expostas ao risco de contraer a hepatitis C, como consecuencia dos tratamentos periódicos aos cales se tiñan que someter con concentrados de factores de coagulación. Por este motivo, en Galicia existe un determinado número de persoas que resultaron contaxiadas e, ou ben desenvolveron a enfermidade ou ben son portadoras do virus como consecuencia do tratamento recibido.

A nivel estatal, o artigo 80 da Lei 55/1999 de medidas fiscais, administrativas e de orde social, estableceu o dereito deste colectivo a unha axuda social e comezouse a elaborar un censo para incluír todos os afectados.



GALICIA MELLORA AS CONDICIÓN ECONÓMICAS DO PERSOAL SANITARIO RESIDENTE EN FORMACIÓN

- *O Consello da Xunta autorizou esta mañá a ratificación do acordo asinado o pasado 24 de xullo entre o Servizo Galego de Saúde e os sindicatos*
- *O Goberno galego aprobou tamén hoxe a produtividade fixa para o persoal estatutario*

O Servizo Galego de Saúde mellorará as retribucións do persoal residente en formación, que cobra as novas contías desde o mes de xullo; e pasará a cobrar entre un 40 e un 70 por cento máis do que perciben actualmente, segundo o ano de residencia en que se atopen.

Este acordo foi asinado o pasado mes de xullo por representantes da Sanidade pública galega e as organizacións sindicais CIG, CEMSATSE, CC.OO. CSI-CSIF e UGT.

Ademais, estas contías incrementaranse nos anos 2008 e 2009 nun sete por cento independente e adicional ao dous por cento de incremento previsto para o conxunto dos traballadores neses dous anos. Deste xeito, os residentes que completan o seu período de formación nos centros do Servizo Galego de Saúde situaranse entre os mellor pagados do Sistema Nacional de Saúde.

Estas novas condicións retributivas súmanse ás melloras acadadas a principios de 2007 nas condicións laborais do persoal residente en formación, entre as cales destaca a modificación dos contratos de traballo no que atinxe ao réxime de xornada e horarios, establecéndose un límite máximo para a xornada complementaria.

O Consello da Xunta tamén autorizou na sesión de hoxe o acordo ratificado o pasado mes de xullo entre o Servizo Galego de Saúde e as organizacións sindicais con representación na mesa sectorial sobre o incremento progresivo da produtividade fixa do persoal estatutario.

En concreto, este acordo fixa os criterios de repartición e aplicación da produtividade fixa ao persoal que carece de tal concepto retributivo na súa estrutura salarial.

Estes dous acordos forman parte do conxunto de medidas consensuadas e asinadas coa maioría das organizacións sindicais presentes na Mesa Sectorial de Sanidade e que constitúen un dos piares da política de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde: o desenvolvemento profesional sustentado na máxima de máis e mellor emprego.

A XUNTA APROBA A CONSTRUCIÓN DUNHA NOVA DEPURADORA EN COSPEITO E A DOTACIÓN DE REDES DE SANEAMENTO EN TRIACASTELA, NA PROVINCIA DE LUGO, QUE SUPORÁN UN INVESTIMENTO DE PRETO DE 2 MILLÓNS DE EUROS

- *A Consellería de Medio Ambiente, a través da Administración hidráulica, financiará o custo total das actuacións, que permitirán mellorar os servizos de saneamento de ambas as localidades lucenses*
- *A depuradora de Cospeito conta cun orzamento de 1.030.879 euros e estará situada na Feira do Monte, nas proximidades do río Támega*
- *Os barrios e núcleo de Triacastela disporán de novos servizos de saneamento mediante a execución dun proxecto, que suporá un investimento de 851.850 euros.*

Dous novos proxectos, aprobados hoxe por proposta da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, suporán unha mellora importante nos servizos de saneamento das localidades lucenses de Cospeito e Triacastela, nas cales se van acometer actuacións por valor de preto de 2 millóns de euros. Concretamente, trátase da construción dunha nova depuradora en Cospeito e da dotación de redes de saneamento nos barrios e núcleo de Triacastela.

Cospeito

O concello de Cospeito disporá dunha nova estación de augas residuais na Feira do Monte, nas proximidades do río Támega. Trátase dunha actuación que prevé tamén a execución dun colector xeral na bacía oeste da Feira do Monte e un tanque de tormentas, que permitirá reducir o caudal que leva á edar. Todas estas obras suman un orzamento de 1.030.879 euros, contía que será sufragada na súa totalidade pola Administración hidráulica.

Os novos servizos de tratamento de augas residuais de Cospeito deberán estar concluídos nun prazo de 20 meses, dous dos cales se destinarán á redacción do proxecto definitivo, segundo consta no acordo aprobado hoxe. Así mesmo, recóllese a explotación das instalacións durante o prazo dun ano.

Triacastela

A outra actuación de saneamento na provincia de Lugo aprobada hoxe levarase a cabo no Concello de Triacastela. Trátase dun proxecto que, cun orzamento de 851.850 euros, permitirá dotar de novos servizos os barrios das Pasantes e Ramil, así como o propio núcleo de Triacastela. Na actualidade, a localidade dispón dunha rede de colectores deteriorados e comúns para as augas fecais e pluviais, insuficiente para a poboación estable e moito menos para o incremento desta que se produce durante o verán. Co obxecto de mellorar esta situación, a Consellería de Medio Ambiente, a través da Administración hidráulica, vai acometer a construción dunha rede de



sumidoiros, independente das augas pluviais, para o saneamento dos núcleos de Triacastela, Ramil e Pasantes, que se conectará coa depuradora existente, construída en 2005, con capacidade para tratar as augas residuais dunha poboación de ata 900 habitantes. Estes traballos deberán estar concluídos no prazo de seis meses, tras a súa adxudicación.

MEDIO AMBIENTE INVESTIRÁ 671.993 EUROS EN OBRAS PARA DOTAR DE SANEAMENTO E ABASTECIMENTO NÚCLEOS DE VICESO, NO CONCELLO CORUÑÉS DE BRIÓN

- *O proxecto ten un prazo de execución de seis meses e beneficiará as aldeas de Forxán, Ombre e Mourentáns*

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible investirá 671.993 euros nas obras para dotar de saneamento e abastecemento núcleos rurais de Viceso, no concello coruñés de Brión. O Consello da Xunta aprobou hoxe a colaboración técnica e económica entre o concello e a consellería para a execución das obras, que serán financiadas na súa totalidade a través da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos (EPOSH).

O proxecto, que conta cun prazo de execución de seis meses, prevé a construción das redes de saneamento, pluviais e abastecemento de nova execución nas aldeas de Forxán, Ombre e Mourentáns, que carecen deste servizo.

No núcleo de Forxan-Ombre está prevista a construción dunha rede de saneamento que finalizará nunha depuradora compacta. A rede de pluviais estará formada por tres ramais independentes, un en Forxán e dous en Ombre, con lonxitudes de 431, 315 e 60 metros respectivamente. Así mesmo, dotaranse de abastecemento ambos os núcleos, coa construción dunha rede principal e outra secundaria e a súa conexión coa rede existente.

En Mourentáns proxéctase unha rede de saneamento que finalizará nunha depuradora compacta, xunto a unha rede de pluviais con dous ramais independentes, de 615 e 112 metros, e a dotación de abastecemento coa construción dunha rede principal da cal partirá outra rede menor que dará servizo as distintas zonas do núcleo.

MEDIO AMBIENTE REALIZARÁ OBRAS DE ABASTECIMIENTO EN NÚCLEOS DE MOAÑA (PONTEVEDRA) POR VALOR DE 1,1 MILLÓNS DE EUROS

▪ *As obras executaranse en nove meses e afectarán aos núcleos do Piñeiro e Broullón*

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible realizará obras de abastecemento de auga aos núcleos do Piñeiro e Broullón, no concello pontevedrés de Moaña, cun investimento de 1.112.425 euros, unha vez que o Consello da Xunta autorizou hoxe a colaboración entre as administracións autonómica e local para acometer o proxecto.

As actuacións previstas nos núcleos do Piñeiro e Broullón teñen un prazo de execución de nove meses e permitirán dotar estas zonas dunha rede de abastecemento, tendo en conta o incremento de edificación que se está a producir nestes lugares.

As obras consistirán na conexión á rede xeral de abastecemento Vigo-Moaña, coa instalación de 501 metros de tubaxe de 250 milímetros de diámetro; a construción do bombeo que estará formado por dous grupos de motobombas e tubaxe de impulsión; a instalación dun depósito de regulación de 1.000 metros cúbicos de capacidade e a construción da rede de distribución que partirá do depósito e levará a auga ás zonas de consumo.

O proxecto será financiado na súa totalidade pola Consellería de Medio Ambiente, a través da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos, con cargo aos orzamentos do vindeiro ano 2008.

A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE DESTINA 1,6 MILLÓNS DE EUROS Á CONSTRUCCIÓN DA DEPURADORA DE CORME, NO CONCELLO DE PONTECESO (A CORUÑA)

- *Coa da localidade coruñesa son 13 as estacións de tratamento de augas residuais licitadas este ano no marco do Plan de saneamento para o cumprimento da directiva europea que obriga os núcleos de máis de 2.000 habitantes a dispoñeren de sistemas de saneamento*
- *A nova instalación de Corme conta cun prazo de execución de 12 meses, aos cales hai que engadir doce máis para a explotación das instalacións; e dará servizo a 3.000 habitantes*

O Goberno da Xunta aprobou hoxe a construción da depuradora de Corme, no concello de Ponteceso (A Coruña). A nova infraestrutura forma parte do Plan de Saneamento posto en marcha este ano pola Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible coa finalidade de darlle cumprimento á directiva europea que exige que os núcleos de máis de 2.000 habitantes dispoñan de sistemas de depuración e que inclúe a construción de 20 novas plantas. No que vai de ano, xa se aprobaron 13 depuradoras, contando a de Corme, que suman un orzamento de máis de 150 millóns de euros.

A de Ponteceso será unha estación de tratamento de augas residuais con capacidade para atender as necesidades de saneamento dunha poboación de 3.000 habitantes equivalentes, o que quere dicir que está dimensionada atendendo as previsións de crecemento da poboación a que dará servizo.

A depuradora conta cun orzamento de 1.606.208 euros, contía que será achegada na súa totalidade pola Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicas (Eposh). A obra ten un prazo de execución de 12 meses, aos cales hai que engadir 2 máis para a redacción definitiva do proxecto. Así mesmo, o acordo adoptado hoxe inclúe a explotación das instalacións por un ano.

O proxecto prevé, ademais da construción da planta, a execución dun novo bombeo no porto de Corme, que recibirá as achegas da rede existente, dispoñendo dun alivio de emerxencia de cara ao bombeo existente. Así mesmo, o proxecto recolle unha impulsión que bombeará a auga cara á nova depuradora e a realización da separación do rego do Cairo do resto da rede para evitar a conexión da canalización ao novo bombeo.



DEPURADORAS LICITADAS EN 2007 DENTRO DO PLAN DE SANEAMENTO PARA NÚCLEOS DE MÁIS DE 2.000 HABITANTES:

1. Santiago (Aríns): adxudicada. 2,2 millóns de euros
2. Arzúa: adxudicada. 2,6 millóns de euros
3. O Carballiño. Licitada. 6,4 millóns de euros
4. Fisterra: adxudicada. 1,2 millóns de euros
5. Bergondo (Gandarío). Licitada. 3 millóns de euros
6. Catoira. Licitada. 2,1 millóns de euros
7. Carral-Abegondo: Licitada. 3 millóns de euros
8. Muros (Esteiro). Licitado. 7 millóns de euros
9. Baiona. Licitado. 24,9 millóns de euros
10. Xove (Palmeiro). Licitada. 1,7 millóns de euros
11. A Ponte do Porto (Camariñas). 7,4 millóns de euros
12. Ares-Fene-Mugardos (depuradora zona sur Ferrolterra). 87,2 millóns de euros
13. Ponteceso-Corme. 1,6 millóns de euros

TRABALLO INVESTIRÁ MÁIS DE 52 MILLÓNS DE EUROS NA POSTA EN MARCHA DE ACCIÓNS DE FORMACIÓN OCUPACIONAL AO LONGO DE 2008

- *Estas actividades formativas están enmarcadas no Plan Nacional de Formación e Inserción Profesional (Plan FIP), dirixidas ás traballadoras e aos traballadores desempregados inscritos no Servizo Público de Emprego*

O Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión desta mañá, aprobou a orde pola que se procede á convocatoria pública de subvencións para a programación de cursos formativos do Plan Nacional de Formación e Inserción Profesional na Comunidade galega (Plan FIP). Estas actividades formativas están dirixidas ás traballadoras e aos traballadores en situación de desemprego inscritos no Servizo Público de Emprego e contan cun orzamento de máis de 52 millóns de euros (52.266.822 euros).

As accións de formación profesional ocupacional conforman un dos elementos máis salientables das políticas activas de emprego, como medida de mellora da empregabilidade dos desempregados. Trátase dunha medida recollida dentro da Estratexia Europea de Emprego, acordada polo Consello Europeo extraordinario de Luxemburgo, e dunha estratexia estatal, de acordo co Plan Nacional de Acción para o Emprego.

Así mesmo, o Plan Galego de Formación Profesional establece que a formación profesional ocupacional constitúe unha vía fundamental para conseguir un incremento da competencia, da empregabilidade e das posibilidades de inserción laboral dos traballadores desocupados.

As entidades beneficiarias desta liña de subvencións son as organizacións, empresas ou institucións, sempre que dispoñan dun centro de formación homologado e inscrito no censo de centros colaboradores de formación profesional ocupacional da Consellería de Traballo. Tamén poderán optar a estas axudas as persoas físicas, entidades xurídicas e institucións que desenvolvan actividades relacionadas coa formación; as organizacións empresariais e sindicais ou as súas fundacións, así como as empresas que presenten un proxecto formativo específico para elas e sempre que comporte un compromiso de contratación inmediato.

Axudas

As contías concedidas pola Consellería de Traballo estarán dirixidas a subvencionar os gastos derivados da contratación de profesorado (honorarios e soldos), os custos da materialización do curso (seguros de accidentes e medios materiais e técnicos) e as bolsas de axudas dos alumnos.

Os beneficiarios das accións de formación son os traballadores desempregados inscritos no Servizo Público de Emprego. Na orde estipúlase que terán preferencia os desempregados de longa duración, as mulleres, as persoas con discapacidade e os menores de 25 anos que leven inscritos máis de 6 meses como demandantes de emprego.

Nas actividades do Plan FIP impartirase un módulo obrigatorio de formación para a igualdade. Tamén será un requisito indispensable a impartición dun curso básico de prevención de riscos laborais nas actividades relacionadas coas familias profesionais de edificación e obras públicas, a industria pesada e a construción metálica.

Ademais, as entidades beneficiarias están obrigadas a escoller a impartición dun módulo formativo sobre creación de empresas, sensibilización ambiental, informática e internet, manipulación de alimentos, habilidades comunicativas ou técnicas de busca de emprego.

Segundo se recolle na orde, todas as actividades formativas se desenvolverán ata o 30 de novembro. Excepcionalmente, por causas xustificadas, e logo da autorización competente, os cursos poderán rematar o 15 de decembro.

Solicitud

As entidades que desexen impartir unha actividade de formación deberán formalizar a correspondente solicitude, á cal poderán acceder nas delegacións provinciais da Consellería de Traballo ou nas dependencias da Dirección Xeral de Formación e Colocación. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes desde o día seguinte ao da publicación da orde no *Diario Oficial de Galicia*. No caso dos proxectos formativos con compromiso de contratación as solicitudes poderán presentarse ata o 30 de xuño.

A CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO INCREMENTA O ORZAMENTO PARA A ERRADICACIÓN DO CHABOLISMO CUNHA NOVA PARTIDA DE 1,1 MILLÓNS DE EUROS

- *Esta ampliación de orzamento foi aprobada hoxe polo Consello da Xunta, e supón un incremento do 157% sobre o previsto inicialmente na Orde do 24 de abril de 2007 que era de 700.000 euros*

A Consellería de Vivenda e Solo incrementa en 1.100.000 euros o orzamento destinado en 2007 para a concesión de subvencións a fondo perdido aos concellos en materia de erradicación do chabolismo. Esta ampliación de orzamento foi aprobada hoxe polo Consello da Xunta, e supón un incremento do 157% sobre o previsto inicialmente na Orde do 24 de abril de 2007 que era de 700.000 euros.

Nese sentido, a Consellería de Vivenda e Solo pasa a investir 1,8 millóns de euros con cargo aos orzamentos de 2007 para a concesión de subvencións aos Concellos destinadas á erradicación do chabolismo.

O departamento autonómico amplía o orzamento para dar cobertura ás solicitudes presentadas polos Concellos ao abeiro da convocatoria de 2007. No que vai de ano, a Consellería asinou convenios de colaboración en materia de erradicación de chabolismo co Concello de Lugo, cunha subvención por parte do Departamento autonómico de 222.300 euros, e co Concello de Poio cunha subvención de 669.806 euros.

Actuacións protexibles

As actuacións protexibles a través desta liña de axudas son a promoción e adquisición de vivendas por parte dos Concellos, doutros promotores públicos ou ben dos propios chabolistas, e a subvención de alugueres para o realoxo dos chabolistas. Nese sentido, e trala ampliación do orzamento, a Consellería de Vivenda e Solo dispón dunha partida de 1,6 millóns de euros para a promoción e adquisición de vivendas, e 200.000 euros para a subvención de alugueres.

Importe das axudas

No que se refire ás actuacións dos Concellos a subvención da Consellería pode ser de ata o 80% do custo de adquisición de vivenda nova ou usada en concellos con menos de 50.000 habitantes e de ata o 65% do custo de adquisición de vivenda nova ou usada en concellos con 50.000 ou máis habitantes.

O prezo destas vivendas, cuxa adquisición e promoción subvenciona a Consellería de Vivenda e Solo, non poderá superar o prezo máximo establecido para as vivendas



protexidas nese concello, e as vivendas adquiridas polas entidades locais serán adxudicadas en réxime de aluguer aos chabolistas.

Para o realoxo dos chabolistas en vivendas de aluguer, a Consellería dará aos Concellos subvencións de ata o 80% do custo do aluguer en concellos de menos de 50.000 habitantes, e de ata o 65% en concellos de 50.000 ou máis habitantes. O límite máximo da subvención por vivenda será en 300 euros.

Procedemento

Para acceder a estas subvencións os concellos presentan nas delegacións provinciais da Consellería de Vivenda e Solo a súa solicitude acompañada do censo de chabolistas, así como a proposta das actuacións que van realizar para facilitarlles o acceso a unha vivenda e o saneamento da área na que se atopan as chabolas, así como un esquema dos recursos necesarios.

Toda esta documentación servirá de base para a sinatura do correspondente convenio de colaboración entre a Consellería e os diferentes concellos, nos que se plasmará as actuacións a realizar e o importe da subvención concedida pola Consellería de Vivenda e Solo.

A CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO INVISTE 3,2 MILLÓNS DE EUROS NA CONSTRUCCIÓN DE 35 VIVENDAS PROTEXIDAS NO CONCELLO DE NARÓN

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe o investimento para estas 35 vivendas de entre 1 e 4 dormitorios, 3 delas adaptadas para minusválidos*

A Consellería de Vivenda e Solo inviste 3.194.921 euros para a construción de 35 vivendas protexidas de promoción pública no Concello de Narón. O Consello da Xunta autorizou na súa reunión de hoxe este investimento destinado á redacción do proxecto e á execución da obra, que se fará efectivo en tres anualidades: 958.476 € en 2008, outros 1.118.222 euros para 2009 e a mesma cantidade para 2010.

Trátase dun edificio de baixo e catro plantas que será construído nunha parcela de 817 metros cadrados, propiedade da Consellería de Vivenda e Solo, situada entre a Estrada de Castela e a vía do ferrocarril. O inmovble albergará 35 vivendas de entre 1 e 4 dormitorios, tres destas vivendas estarán adaptadas para minusválidos, e cunha superficie que oscilará entre os 44 e o 90 metros cadrados útiles. Todas disporán de praza de garaxe, rocho e tendedeira.

As vivendas de promoción pública (VPP), promovidas directamente pola Consellería de Vivenda e Solo, van dirixidas a persoas ou unidades familiares ou convivenciais cuns ingresos de entre 0,7 e 2,5 veces o Indicador de Rendas de Efectos Múltiples (IPREM), é dicir arredor dos 15.000 € anuais. Os solicitantes deberán residir ou ter o seu posto de traballo no concello no que foron construídas as vivendas.